

# MEMORIA DE ACTIVIDADES 2023



# ÍNDICE

1.	Estrutura do Ceesg.....	3
2.	Estado da colexiación.....	5
3.	Actividades.....	6
3.1.	Eixo de Participación colexial.....	6
3.2.	Eixo de Desenvolvemento Profesional.....	9
3.3.	Eixo de Acción Profesional.....	11
3.4.	Servizos do Ceesg.....	15
3.5.	Representación e participación en órganos externos.....	16
3.6.	Convenios asinados.....	17
3.7.	Eventos nos que participamos ou colaboramos.....	17
3.8.	Eventos ou formacións ás que asistimos.....	17
3.9.	Colaboración coas Universidades.....	18
4.	Grupos de traballo.....	20
4.1.	aBeira-Escaravellando, Grupo de Intervención Socioeducativa con Familias, Infancias e Adolescencias.....	20
4.2.	Grupo de traballo sobre Animación Sociocultural e Xestión Cultural.....	20
4.3.	Fiadeiras, Grupo de traballo de Igualdade e Feminismos.....	21
4.4.	Geix, Grupo de Estudos e Intervención Xeragóxica.....	21
4.5.	Miolo, Grupo de Saúde.....	22
5.	Participación no CGCEES.....	23
6.	Outras cuestións.....	24

ANEXO: Algunhas imaxes das actividades do Ceesg.

# 1. ESTRUCTURA DO CEESG

## **Xunta de Goberno.**

A actual Xunta de Goberno, tras a celebración de eleccións o 19 de febreiro de 2022, ten a seguinte composición:

**Presidenta:** Sonia González Rodríguez. Colexiada 3402.

Eixo de Acción Profesional.

**Vicepresidenta:** Rocío Núñez Rúa. Colexiada 3867.

Eixo de Acción Profesional.

**Secretario:** Alfonso Tembrás López. Colexiado 103.

Área de Desenvolvemento Profesional.

**Tesoureiro:** Rodrigo Gil Cedillo. Colexiado 5328.

Eixo de Acción Profesional.

## **Vogais:**

Jesús Deibe Fernández Simo. Colexiado 4851.

Eixo de Participación Colexial

Pilar Ramallal Fernández. Colexiada 4801.

Eixo de Desenvolvemento Profesional.

Noelia Rodríguez Álvarez. Colexiada 3408.

Eixo de Participación colexial.

María Jesús Segade Conde. Colexiada 455.

Eixo de Desenvolvemento Profesional.

Carmen Zamora Castro. Colexiada 3448.

Eixo de Desenvolvemento Profesional.

# ASEMBLEA XERAL

## Xunta de Goberno

Eixo de  
**Desenv. Profesional**

Eixo de  
**Acción Profesional**

Eixo de  
**Participación Colexial**

PICs

### Grupos de traballo

- Geix
- Fiadeiras
- aBeira - Escravellando
- Miolo
- Animación sociocultural e xestión cultural

Comisións  
Ética

## Persoal contratado

Secretaría Técnica

Educadora Social

T. de formación




## 2. ESTADO DA COLEXIACIÓN


A 31 de decembro de 2023 estaban colexiadas no Ceesg un total de 954 educadoras e educadores sociais. (824 mulleres e 130 homes)

Durante o ano tramitáronse 74 altas e 96 baixas colexiais.

Como amigas/os do Ceesg, no curso 2022/2023 houbo 20 estudantes, e no curso 2023/2024, a data 31 de decembro, 1.



**Porcentaxe de colexiadas, por sexo.**



**Motivo das baixas colexiais**

### 3. ACTIVIDADES.

#### 3.1. EIXO DE PARTICIPACIÓN COLEXIAL.

- Celebración do Día Internacional da Educación Social. **DIES 2023:** II Convivencia interuniversitaria e profesional de Educación Social. Lobios.
- Resolución do **9º Concurso TFG.eduso**. Premiáronse 2 traballos: un por cada modalidade, correspondentes ao curso 2021/2022. Publicación dun libro que recolle os traballos íntegros. A entrega de premios tivo lugar coincidindo coa celebración do DIES 2023.
- Convocatoria do **10º Concurso TFG.eduso** (curso 2022/2023)
- Publicación do libro **Son de Fiar**, elaborado polo grupo Fiadeiras.
- Venda e distribución de materiais do Ceesg: **libreta** que destaca o labor de 8 mulleres en distintos ámbitos da Educación Social, **camiseta 8M #EducaciónSocialFeminista**, libro *A Educación Social* de **Os Bolechas**, libro *Son de Fiar*.
- Colaboración coa **Revista Galega de Educación** na sección Educación Social e Escola, de Nova Escola Galega.
- Entrada en funcionamento do **portelo único** do Ceesg, unha sección específica da web que aglutina e facilita os trámites que se poden facer co colexio, facendo realidade a transformación dixital do Ceesg.
- Edición e publicación do calendario de sobremesa 2024, e do calendario-marcapáxinas.
- Colaboración nas campañas do CGCEES pola celebración de días internacionais.
- Presentación do libro *A Educación Social*, de Os Bolechas en Santiago de Compostela. Creación dunha **Guía didáctica** do libro, elaborada pola alumna de prácticas Iria Loureiro, e presentación da mesma nas tres universidades galegas.
- Colaboración na elaboración da axenda “*O bo trato, un concepto a crear e desenvolver*”, publicada pola Federación ANPAS Galegas para a súa

distribución nos IES de Galicia, coa finalidade de sensibilización de toda a comunidade educativa.

- Iniciativa '**Por unha escola segura**', a través da cal 38 persoas expertas en Educación asinaron un posicionamento no que sinalan a necesidade de que nas escolas se preste unha atención á infancia centrada no seu benestar integral, e contando con profesionais da Educación social.
- Aprobación do "**Código de conduta**" do Ceessg, que establece os principios e normas de conduta que deben respectar as persoas que en cada momento formen parte da Xunta de Goberno, grupos de traballo, traballadoras/es e calquera outra persoa que actúe en representación do Ceessg.
- Posta en marcha da "**Canle de denuncias**", en aplicación do establecido na Lei 2/2023, de 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción. Aprobación dos regulamentos asociados a dita canle.
- Apoio a campañas e iniciativas doutras entidades, e adhesión a diferentes iniciativas relacionadas coa profesión:
  - 8 de marzo. Día Internacional das Mulleres. Participación en actos e concentracións en diferentes localidades.
  - Carta de apoio á candidatura do CDR O Viso aos premios AGADER.
  - Apoio á demanda de aumento da formación inicial en asuntos relacionados coa educación en territorios rurais, para futuras e futuros profesionais da educación (mestras/es, profesoras/es e educadoras/es sociais), iniciativa da Rede Galega de Educación e Desenvolvemento no Rural (REGAEDER)
  - Adhesión á Alianza contra a pobreza infantil en España (Pobreza infantil cero).
  - Adhesión á carta de AGAMME ao Presidente do Goberno e ao Parlamento Europeo instando a adoptar medidas para deter o xenocidio do pobo de Palestina.
- Datos sobre prensa:
  - **2 COMUNICADOS:**

- Comunicado do Ceesg polo Día Internacional do Acoso Escolar.
- O Ceesg propón alternativas para a figura de coordinador/a de benestar.
- **6 NOTAS DE PRENSA:**
  - Por unha escola segura. Educación social no sistema educativo.
  - Un curso achegará estratexias para loitar contra o bullying nas escolas.
  - A Consellería de Educación volve deixar a Educación Social fóra das escolas.
  - O Ceesg propón alternativas para a figura de coordinador/a de benestar.
  - Lobios acolle por segundo ano a Convivencia de Educación Social: formación, cultura, natureza, xogos, etnografía, e música, nunha iniciativa que impulsa o valor do rural.
  - O Colexio de Educación Social pide reunirse coa concelleira de Asuntos Sociais de Ourense.
- **14 APARICIÓNS EN NOVAS DE PRENSA**  
(Diario de Arteixo, La Opinión, Galicia Confidencial, Radio Galega, Atlántico Diario, La Voz de Galicia, Xunta.gal, La Región, Dende a Limia).
  - *O Ceesg lanza unha nova campaña para facer visible a problemática do Bullying por una escola segura.*
  - *Educación social, profesión de presente e futuro.*
  - *Críticas de los sindicatos educativos a la Xunta por implantar "a coste cero" los coordinadores de convivencia.*
  - *Quen pode loitar mellor contra os casos de bullying nas escolas?*
  - *Campaña de recollida de sinaturas contra o acoso escolar.*
  - *Los educadores sociales creen que deben ser ellos los coordinadores de bienestar de los centros educativos.*

- *La Xunta subraya la labor fundamental que tienen los educadores sociales para favorecer la plena inclusión de la población más vulnerable.*
- *Los educadores sociales se reivindicán con un encuentro en Lobios.*
- *A Educación Social analiza en Lobios os retos da profesión.*
- *Lobios será a sede do II Seminario Internacional de Educación Social, co apoio da Deputación de Ourense.*

#### ▪ **4 ENTREVISTAS OU DECLARACIÓN AOS MEDIOS**

(Nós diario, Radio Galega, Televisión de Galicia, Praza, Diario de Arteixo, Galicia confidencial)

- *Sonia González (educadora social): "Precisamos máis protocolos de prevención do acoso escolar, e non tantos de actuación".*
  - *Entrevista a Sonia González con motivo do Día contra o acoso escolar.*
  - *Entrevista a Deibe Fernández Simo, con motivo do Día contra o acoso escolar.*
  - *Entrevista a Deibe Fernández Simo, sobre a hipersexualización da infancia.*
- Datos sobre redes sociais:
    - **Twitter:** 1519 seguidoras/es (39 novas/os).
    - **Facebook:** 7181 seguidoras/es (132 novos).
    - **Instagram.** 1112 seguidoras/es (392 novos).
    - **Telegram.** 112 subscritoras/es.
    - Mantemento da canle de **Youtube** como aloxamento dos vídeos que compartimos nas demais redes.

### 3.2. EIXO DE DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL.

- Actividades formativas:
  - **Conéctate con cabeza.** Curso gratuíto impartido por SEDRA.
  - **A protección de datos persoais no exercicio da Educación Social.** Obradoiro gratuíto.

- ***Móvete polos teus dereitos (dereitos sexuais e reprodutivos)***  
Curso gratuíto impartido por SEDRA.
- Encontro formativo dos ***Servizos de Educación e Apoio Familiar*** (SEAFs)
- Curso: ***Achegamento á Saúde mental dende a Educación social.***
- ***FarmaSOS: Creando alianzas antirracistas a través da formación.*** Obradoiro gratuíto impartido por SOS Racismo.
- Curso: ***Acollemento familiar no sistema de protección á infancia.***
- Mesa de debate: ***Educación Social, escola inclusiva, segura e libre de violencias.***
- ***Mediación: Ruptura de parella. Atención aos fillos e fillas nesa situación.*** Obradoiro en liña gratuíto, impartido por Unión de Asociacións Familiares (UNAF).
- ***II Convivencia interuniversitaria e profesional da Educación Social,*** con actividades formativas, culturais e lúdicas que serviron como celebración do Día Internacional da Educación Social 2023.
- Xornada técnica: ***Estratexias efectivas e creativas na intervención social como mozos e mozas traumatizadas/os.***
- Curso: ***Busca activa de emprego para educadoras/es sociais.***
- Curso: ***Novas realidades na adolescencia vulnerable: como intervir dende o ámbito socioeducativo.***
- Curso: ***Acompañamento socioeducativo e Educación social.***
- Colaboración coa ***Fegamp***, co desenvolvemento do curso ***‘Intervención socioeducativa con violencia machista: aportes metodolóxicos dende a educación social’.***
- Curso: ***O ISE como ferramenta da educación social.***
- Xornada ***A intervención socioeducativa feminista na Educación social.*** (Fiadeiras)
- Xornada técnica: ***Experiencias de saúde mental na Educación social.***

- Mantemento de colaboracións con entidades para a realización de **formación con descontos** nas cotas de inscrición.
- Diversas **xuntanzas** con diferentes entidades, para establecer colaboracións na organización da II Convivencia Interuniversitaria e Profesional da Educación Social e do I Encontro formativo dos Servizos de Educación e Apoio Familiar. (Dirección Xeral de Inclusión da Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Familias e Dinamización Demográfica, Concellos, Universidades, Asociacións...)

### 3.3. EIXO DE ACCIÓN PROFESIONAL.

- **Seguimento, revisión e presentación de alegacións relacionadas con prazas de Educación Social na Administración pública:**
  - Alegacións á Relación de Postos de Traballo do Concello de Chantada, solicitando o incremento da valoración do posto. Desestimadas.
  - Alegacións á modificación da Relación de Postos de Traballo da Consellería de Política social, acerca da amortización de prazas no centro de menores Avelino Montero e da falta de educadoras/es sociais nos equipos técnicos de atención a menores das xefaturas territoriais.
  - Recurso de reposición contra as bases da praza de Orientador/a laboral do Concello de Teo, solicitando admisión de Educación social. Desestimado por silencio.
  - Recurso de reposición contra as bases da praza de Educador/a social do Concello de Monforte, solicitando admisión de habilitación profesional en Educación social. Estimado.
  - Recurso de reposición contra as bases da praza de Orientador/a laboral do Concello de Ferrol. Estimado.
  - Recurso de reposición contra as bases da praza de Orientador/a laboral do Concello de Sarria, solicitando admisión de Educación social. Estimado
  - Recurso de reposición contra as bases da praza de Educador/a social do Concello de Vilarmaior, solicitando exclusividade para a titulación de Educación social. Desestimado.

- Recurso de reposición contra as bases da praza de Responsable OMIX / Educador/a do Concello de Xinzo, solicitando admisión de Educación social. Estimado.
  - Recurso de reposición contra as bases da prazas de Encargada/o OMIX e Orientador/a laboral, solicitando admisión de Educación social. Desestimado.
  - Recurso de reposición contra as bases da prazas de Educador/a da Xunta de Galicia, solicitando exclusividade para profesionais da Educación social. Desestimado.
  - Recurso de reposición contra as bases da praza de Educador/a social/familiar do Concello de Santiago, solicitando exclusividade para a titulación de Educación Social. Desestimado por silencio.
  - Recurso de reposición contra as bases da praza de Educador/a familiar do concello de Esgos, solicitando admisión de Educación social. Estimación parcial.
  - Recurso de reposición contra as bases da praza de Educador/a social da Mancomunidade de Concellos do Ribeiro, solicitando exclusividade a Educación social. Desestimada por silencio.
  - Recurso de reposición contra as bases da praza de Educador/a social do Concello de Allariz, solicitando exclusividade para Educación social. Estimado.
  - Recurso de reposición contra as bases da praza de Educador/a familiar do Concello de Baiona, solicitando acceso de Educación social. Desestimado por silencio.
  - Recurso de reposición contra as bases da praza de Educador/a social do Concello de Sada, solicitando modificación do temario. Desestimado por silencio.
  - Recurso de reposición contra as bases da bolsa de emprego de Educador/a social do Concello de Sada, solicitando modificación do temario. Desestimado.
  - Recurso de reposición contra as bases da praza de Educador/a social do Concello de Forcarei, solicitando a exclusividade a Educación social. Desestimado por silencio.
- **Accións para o recoñecemento do educador/a social en diferentes ámbitos:**



- Xuntanza coa Dirección Xeral de Orientación e Innovación educativa, para a presentación do Proxecto piloto de Escola Segura e da campaña 'Por unha escola segura', así como presentar unha vez máis a necesidade de incorporación da Educación Social nos centros educativos de Galicia.
  - Xuntanza coa Concelleira da área de Asuntos Sociais do Concello de Ourense, para coñecer a situación da Educación social no concello.
- **Achegas a diferentes normativas, textos técnicos ou iniciativas relacionadas cos ámbitos de exercicio profesional da Educación Social.**

Segundo cada caso, as achegas poden incluír referencias ao recoñecemento da Educación Social no ámbito de que se trate, e tamén propostas que sirvan para a mellor atención á cidadanía.

- Achegas ao Anteprojecto de ***Lei de condicións básicas para a igualdade no acceso e disfrute dos Servizos Sociais***. Realizadas tanto a través do CGCEES como directamente ao Ministerio.
- Envío de información actualizada á ***Comisión especial non permanente para o seguimento das políticas relativas á discapacidade e elaboración de novas propostas a prol da integración das persoas con discapacidade***, do Parlamento de Galicia.
- Participación na reunión para o desenvolvemento da ***Estratexia Inclusión Social de Galicia 2023-2030***, organizada pola Xunta de Galicia.
- Achegas ao ***Protocolo de seguridade contra as agresións sexuais en establecementos de lecer nocturno***, no seo do Observatorio Galego de Violencia de Xénero. (Fiadeiras)
- Achegas durante os trámites de consulta pública previa e de información pública á ***Orde pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia***.
- Achega de **propostas de medidas políticas** necesarias dende o punto de vista da Educación social, enviadas aos principais partidos políticos, de cara ás eleccións municipais 2023.

- Achegas ao **Anteproxecto de lei de protección da saúde das persoas menores e prevención das condutas adictivas**, durante o trámite de información pública.
- **Xuntanzas e espazos de colaboración con diferentes entidades:**
  - Colaboración coa **Facultade de Educación e Traballo Social do campus de Ourense**, o **Club Deportivo La Purísima** e a **Asociación Trama** para levar a cabo un proxecto piloto que busca abrir un novo camiño na acción da educación social para intervir desde as organizacións de ámbito deportivo, ofrecendo apoio a adolescentes e ás súas familias.
  - Xuntanza coa **Asociación Nacional de Estudiantes de Educación y Formación del Profesorado** (CESED).
  - Xuntanza co **CDR O Viso**, para estudar a posible colaboración nun proxecto de biocoidados. (Geix)
  - Xuntanzas co **IES Menéndez Pidal**, para estudar a viabilidade da posta en marcha dun proxecto piloto de Educación Social en varios centros educativos.
  - Xuntanza coas persoas colexiadas aprobadas no **proceso selectivo** da Xunta de Galicia.
  - Xuntanzas coa Federación **ANPAS Galegas**.
  - Xuntanza con **Aldeas Infantiles**, en relación co acollemento especializado.
  - Xuntanza coa **Secretaría Xeral de Política Lingüística**, coa que chegamos a un acordo para a colaboración na edición de cader nos con información útil sobre a Educación Social.
  - Xuntanzas co **Colegio Profesional de Educación Social de la Región de Murcia** (CPESRM), para avanzar no desenvolvemento do Informe socioeducativo, e a súa utilización nos diferentes territorios do estado.
  - Xuntanza coa **Secretaría Xeral de Igualdade**, para falar do estado do Convenio para o acompañamento socioeducativo de orfos/as vítimas de violencia de xénero e de posibles colaboracións no ámbito da formación e a sensibilización.
  - Xuntanza coa **Fundación Salma e co Colegio de Terapia Ocupacional de Galicia**, para estudar a posibilidade da posta en marcha dun proxecto de atención á saúde mental infanto-xuvenil.

- En colaboración coa Fundación Salma e outras entidades, participamos tamén en dúas xuntanzas con representantes de diferentes grupos políticos no parlamento de Galicia, así como de diferentes Consellerías, na que reiteramos a importancia de implementar as medidas de **atención á saúde mental infanto-xuvenil** trasladadas meses atrás. Previamente, traballamos nun documento no que concretamos a batería de medidas, centrándonos nas máis urxentes.
- Xuntanza co **Servizo de Saúde Mental da Subdirección Xeral de Atención Primaria** (Sergas) para a definición dos proxectos "Aloumiño" e "Acompañamento Terapéutico".
- Xuntanza coa **Deputación da Coruña**, para expoñer a situación da educación social nos concellos da provincia e valorar colaboracións formativas.
- **Comisión Ética e de Benestar Profesional:**
  - Xuntanzas internas e participación na Comisión do CGCEES.
  - Colaboración na campaña de difusión de vídeos sobre os principios deontolóxicos básicos da profesión. Estes vídeos, elaborados polo Colexio de Educadoras e Educadores Sociais do País Vasco, teñen como obxectivo incidir na importancia de coñecer o código, e reflexionar sobre o mesmo. A comisión animou a compartir as ideas e reflexións de cara a posibles revisións do código.
  - Realización de entrevistas sobre a deontoloxía e a Educación Social, para a súa divulgación en vídeo e reflexión sobre este tema.

### 3.4. SERVICIOS DO CEESG

- **Emprego.** Publicación de 431 ofertas de traballo que suman máis de 459 empregos.
- **Listaxe de empresas de Educación Social**, a disposición de entidades ou particulares que poden procurar dos seus servizos.
- **Formación con desconto** para persoas colexiadas ou amigas do Ceesg, ofrecidas por diversas entidades.
- **Asesoramento xurídico.** Atendéronse 151 consultas de persoas colexiadas, enfocadas sobre todo á materia laboral, recursos e reclamacións - sobre todo en RPTs- e intrusismo. Realizouse unha enquisa sobre o ser-

vizo, para avaliar o seu funcionamento.

- **Correo-e.** Creáronse 12 novas contas de correo para colexiadas/os.
- **Atención colexial e á cidadanía.** Atendéronse consultas diversas sobre a profesión, a maioría realizadas por persoas colexiadas.
- **Seguro de Responsabilidade Civil Profesional.** Formalizáronse ao longo do ano 132 subscricións a este seguro.
- **Listas de Peritaxe.** Remitíronse aos xulgados e tribunais galegos as listaxes de educadoras/es sociais dispostas/os a realizar accións periciais.
- **Avisos en liña.** Continuou o servizo de información a través de correo-e para colexiadas/os e amigas/os do Ceesg.
- **Ética e deontoloxía.** A Comisión de Ética e Benestar Profesional mantevo a súa actividade, sen recibir peticións de orientación.
- **Préstamo de instalacións e recursos.** Non houbo solicitudes de préstamo de materiais.
- **Biblioteca.** Realizáronse 4 préstamos e rexistráronse 4 novas publicacións ou materiais.

### 3.5. REPRESENTACIÓN E PARTICIPACIÓN EN ÓRGANOS EXTERNOS.

- **Consello Galego de Benestar Social.** Xunta de Galicia. Participación en tres dos catro plenos celebrados.
- **Observatorio Galego de Violencia de Xénero.** Designación de referentes para o Grupo de Traballo 5 “A trata e outras formas de explotación sexual en contextos de prostitución. Designación de referente para o Grupo de Traballo 1 “Elaboración dun Protocolo de Coordinación Interinstitucional fronte á violencia de xénero en Galicia” (para a revisión e actualización). Participación no subgrupo técnico “**Análise da violencia sexual no contexto actual**” (incluído dentro do Grupo de Traballo 4 “Pautas para a prevención e o tratamento das distintas formas de violencia sexual”). Xunta de Galicia.
- Designación de representantes na **Mesa local de Coordinación Interinstitucional contra a violencia de xénero** do Concello de Santiago, e participación na xuntanza celebrada.

- **Foro Galego de Inmigración.** Participación nas xuntanzas mensuais e nas diferentes iniciativas.

### 3.6. CONVENIOS ASINADOS.

- **ISCE Douro**, para colaboración no ámbito formativo, divulgador e investigador, para a posta en marcha de actividades e proxectos en forma conxunta.
- **Universidade de Santiago**, para a realización de actividades de investigación.

### 3.7. EVENTOS NOS QUE PARTICIPAMOS OU COLABORAMOS.

- *I Encontro Internacional Educadores Sociais pelo Mundo - Perspetivas de Intervenção*, organizado por ISCE Douro, en Penafiel. Presentación sobre o Ceesg e sobre o papel dos colexios profesionais.
- *IV Congreso Internacional sobre prevención, tratamento e control do consumo de cannabis*, organizado pola Consellería de Sanidade e a Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre Drogas, en Ourense.
- **Invernada de cine de Cabreiros.** Asociación veciñal de Cabreiros.
- **EmpregoInCampus.** Feira de emprego organizada polo Campus de Ourense da Universidade de Vigo.
- **XXXIII Congreso Internacional Anual** da Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatría, impartindo o obradoiro “Soidade activa nas persoas maiores. Un novo reto da educación social”.
- **XIX Xornadas Interxeracionais Rurais**, organizadas pola Asociación veciñal de Cabreiros e Universidade de Santiago.
- Presentación do Ceesg no **Encontro galego-portugués de alumnado de Educación Social**, organizado pola Universidade de Santiago e o Instituto Politécnico de Leiría.

### 3.8. EVENTOS OU FORMACIÓNS ÁS QUE ASISTIMOS.

- Asistencia á presentación do libro *El día que me quieras*, de Isabel Gar-

cía, en Vigo.

- Xornada: *Coruña Acompaña: Buenas prácticas y nuevos retos ante la soledad no deseada de las personas mayores*, organizada polo Concello da Coruña.
- Encontro *Walking the Talk for Dementia*, organizado Asociación Crónicos do Día a Día, Instituxerto Vovó Nilva. (Geix)
- *I Xornadas internacionais de intercambio de saberes desde a Cooperación ao Desenvolvemento: Estratexias contra as violencias machistas cara ás mulleres para unha vida plena*. Organizado por Solidariedade Internacional de Galicia e o grupo de investigación ECIGAL. (Fiadeiras)
- *V Encontro do Globo*, de micro-experiencias de transformación social de colectivos galegos, organizado en Santiago por Solidariedade Internacional de Galicia.
- Acto de celebración do 40 aniversario de *Nova Escola Galega*, en Santiago.
- Proxección do documental: *Aprender na lingua propia: das Escolas de Ensino Galego à Semente*.
- *Seminario de presentación Mapa de Cohesión do Eixo Atlántico*, organizado polo Eixo Atlántico, en Ourense.
- Acto de presentación pública da *Asociación Galega de Profesionais de Terapia do Reencontro*, en Santiago.
- Foro de debate *Ninguén sen o mínimo: Acceso Vital en Galicia. Pobreza e garantía de ingresos*, organizado por EAPN Galicia en Santiago.
- Curso *Dereito ao Hábitat: ecofeminismo, urbanismo e barrios de coidades*, organizado pola ONG Arquitectos sen fronteiras.

### 3.9. COLABORACIÓN COAS UNIVERSIDADES.

A parte das colaboracións xa mencionadas en diferentes xornadas, a colaboración coas universidades viuse reflectida noutras actividades:

- Creación dunha **comisión mixta** formada por representantes da Universidade de Vigo (Campus Ourense), Universidade da Coruña, Universidade de Santiago e Ceesg, co obxectivo de analizar as necesidades formativas

das profesionais de educación social. Os resultados deste estudo serán empregados para a reforma dos títulos universitarios de Educación Social. A información recolleuse a través dun cuestionario en liña e coa organización de grupos de discusión nas tres facultades implicadas.

- Asistencia ao **Acto de Graduación** da XI Promoción do Grao de Educación Social da Universidade da Coruña.
- Colaboración na materia **Contextos e Ámbitos da Educación Social**, da Universidade de Santiago, achegando a visión de profesionais en diferentes ámbitos de traballo.
- Colaboración de profesorado como **xurado do 9º Concurso TFG.eduso**.
- **Presentación do Ceessg** na materia de Formación e Profesionalización en Educación Social, na Universidade de Santiago.
- Colaboración na materia **Inserción Laboral e Formación Continua dos Profesionais da Educación Social**, da Universidade de Santiago, nunha sesión na que falamos de saídas profesionais.
- Colaboración co alumnado coordinador dos **Puntos de Información Co-lexial** das Facultades das Universidades da Coruña e de Santiago.
- Acollida dunha alumna de Prácticum II, de 4º de Educación Social, da Universidade de Santiago.

## 4. GRUPOS DE TRABAJO.

### 4.1. ABEIRA-ESCARAVELLANDO, GRUPO DE INTERVENCIÓN SOCIOEDUCATIVA CON FAMILIAS, INFANCIAS E ADOLESCENCIAS.

- Fusión dos grupos aBeira e Escravellando, para optimizar o seu funcionamento.

#### **Integrantes do grupo:**

- Gabriel Aúd Vázquez.
- José Luis Carballo Iglesias.
- Rosalía Castro Sabugueiro.
- Mónica Fernández Gesteira.
- Deibe Fernández Simo.
- Sonia González Rodríguez.
- Eva Moldes Casal.
- Rocío Núñez Rúa.
- María Quintas Sotelo.
- Yolanda Torre Sarmiento.
- **Baixas en 2023:** Xesús Martínez Fernández.

### 4.2. GRUPO DE TRABAJO SOBRE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL E XESTIÓN CULTURAL.

- Unha xuntanza presencial.
- Consulta a outros colexios sobre a existencia de grupos de traballo sobre o mesmo ámbito, para estudar posibles colaboracións.

#### **Integrantes do grupo:**

- Iván García García (coordinador)
- Fernando Lavandeira Suárez.
- Natividad Lorenzo Campos.
- Lucía Mosquera Miramontes.
- Santiago Nieto Romarís.
- Vanesa Otero Dios (coordinadora)
- Xabier Riádigos Couso.



#### 4.3. FIADEIRAS, GRUPO DE TRABALLO DE IGUALDADE E FEMINISMOS.

- Lanzamento para a súa venda na web do Ceesg do libro *Son de Fiar*. Incorporando a perspectiva feminista na Educación Social. Setembro.
- Manifesto 12º Aniversario Fiadeiras.
- Xornada técnica: A intervención socioeducativa feminista na Educación Social. Outubro. UDC. A Coruña.
- Obradoiro *Son de Fiar*. II Convivencia Interuniversitaria e profesional da Educación Social. Outubro. Lobios.
- Punto Lila. II Convivencia Interuniversitaria e profesional da Educación Social. Outubro. Lobios.
- Representación do Ceesg no Observatorio galego da Violencia de xénero. Xunta de Galicia.
- 5 Xuntanzas do Grupo de traballo.
- 2 Xuntanzas da Comisión de Xénero e Diversidade do Consello Xeral de Colexios Oficiais de Educadoras e Educadores Sociais.

#### **Integrantes do grupo:**

- Eva Mª Bastón Martínez.
- Noelia Darriba García.
- Natalia Domínguez Galán.
- Raquel López Fernández (coordinadora).
- Tania Merelas Iglesias.

#### 4.4. GEIX, GRUPO DE ESTUDOS E INTERVENCIÓN XERAGÓXICA.

- Xuntanza co CDR O Viso, para estudar a posible colaboración nun proxecto de biocoidados.
- Asistencia ao encontro *Walking the Talk for Dementia*, organizado Asociación Crónicos do Día a Día, Instituxerto Vovó Nilva.

**Integrantes do grupo:**

- Selene Arias Sáez.
  - Mónica Serrano Soto.
  - Esther Pérez Enríquez.
  - Laura Vilaboy Romero (coordinadora).
  - Vanessa Villar Armada.
- **Baixas en 2023:** Marta Caselas Alonso, Mercedes González Pazos.

4.5. MIOLO, GRUPO DE SAÚDE.

- Xornada Experiencias de Educación Social en saúde mental.

**Integrantes do grupo:**

- Laura Casal Figueroa
- Manuel Rodríguez Iglesias.
- Alfonso Tembrás López.
- Tamara Ramos Tato.

## 5. PARTICIPACIÓN NO CGCEES

- Participación na **Xunta de Goberno** do CGCEES, no cargo de Vicepresidencia, de Noelia Álvarez Rodríguez.
- **Coordinación da área de Comunicación.**
- Participación nas campañas divulgativas propostas polo CGCEES.
- Designación de representante na nova **Comisión para a Unificación de Procedementos e Documentos Comúns.**
- Participación nas **Asembleas ordinaria e extraordinaria e Xuntas de Goberno.**
- Participación na **Comisión de Ética.**
- Coordinación da **Comisión de Xénero e Diversidade** (Fiadeiras)
- Participación na **Comisión permanente de Envellecemento activo, ALV e intergeneracionalidad.** (Grupo Geix)
- Participación na **Vocalía de Sociolaboral.**

## 6. OUTRAS CUESTIÓNS

**Retribucións compoñentes Xunta de Goberno:** ningún dos cargos da Xunta de Goberno é remunerado.

### **Importe das cotas colexiais:**

Cota de alta:

- Xeral: 65 €.
- Redución para persoas tituladas recentemente: Gratis no curso inmediatamente seguinte ao do remate dos estudos.

Cotas de mantemento colexial (semestral):

- Cota xeral: 73,34€
- Bonificada por desemprego: 36,67€
- Bonificada por salario inferior ao SMI: 55€

Importe das cotas aprobado en Asemblea Xeral Ordinaria do ano 2007. A actualización da cota de mantemento segundo o IPC (Acordo da Asemblea Xeral Ordinaria do ano 2017) quedou anulado dende 2021 (Acordo da Asemblea Xeral Ordinaria do ano 2021).

Cotas de amigas/os do Ceesg: 20€ por curso académico (Acordo da Asemblea Xeral Ordinaria, ano 2012)

Cota do seguro de responsabilidade civil (non obrigatorio): 4,59€/ano.

**Procedementos informativos e sancionadores:** Non houbo.

**Queixas e reclamacións presentadas por persoas usuarias e consumidoras:**

Non houbo.

**Cambios no contido do código deontolóxico:** Non houbo.



CCG CEES  
Consejo General de Colegios de Educadoras y Educadores Sociales


**2 de octubre**  
**Día internacional de la educación social**  
Educación social ante los Discursos de odio



**EDUCACIÓN SOCIAL: POR UNHA ESCOLA INCLUSIVA, SEGURA E LIBRE DE VIOLENCIAS**

- Mesa de debate coas 3 universidades galegas e o CEESG
  - Venres 17 de novembro ás 12:00h
  - Segue o debate en directo online
- Accede a ligazón en [ceesg.gal](http://ceesg.gal)





**M #EduSoE feminismo**



**A EDUCACIÓN SOCIAL VINCULA XERACIÓNS**

Proxecto de Mercado de troco

29 de abril  
Día Europeo da Solidariedade Interxeracional

CGCEES  
Consejo General de Educadoras y Educadores Sociales

Compartir nas redes  
#EducacionSocialVinculaGeneraciones

**Os Bolechas e a Educación Social**

**ceesg**  
colexio de educadoras e educadores sociais de Galicia

Presentación do libro  
**Mércores 18 de xaneiro**  
as 17:00h na sede do Ceesg  
R/ Lisboa 20, Baixo C, Santiago de Compostela

Reserva o teu exemplar de  
Os Bolechas e a Educación Social  
en [www.ceesg.gal](http://www.ceesg.gal)

**NOVIEMBRE**

...icar la Violencia  
...nero, es una  
...ón de Educación

**CGCEES**  
Consejo General de Educadoras y Educadores Sociales




**8M #EduSoES feminismo**



**O botrato, un concepto a crear e desenvolver**

2023-2024






## Curso de Busca Activa de Empleo para Educadoras/es Sociais

- 25h de formación certificada
- Modalidade Online
- Do 6 ao 30 de novembro
- Non colexiadas: 90€
- Colexiadas e estudantes de Educación Social: 50€
- Colexiadas en desemprego e Amigas do CEESG: 30€



+ info e inscricións en [www.ceesa.gal](http://www.ceesa.gal)



**A INTERVENCIÓN SOCIOEDUCATIVA FEMINISTA NA EDUCACIÓN SOCIAL**

**XORNADA TÉCNICA**

**LUGAR:** Salón de actos da Facultade de Ciencias da Educación UDC Campus Elvina S/N, 15071 A Coruña

**DATA:** Xoves 26 de outubro de 9:30 a 14 horas.

**DESTINATARIAS:** Alumnado e profesorado do Grao de Educación Social, estarán abertas tamén ao público en xeral, previa inscrición de balde.

**MESAS DE DEBATE EXPERTAS**

**PRESENTACIÓN DO LIBRO**

**SON DE FÍAR: INCORPORANDO A PERSPECTIVA FEMINISTA NA EDUCACIÓN SOCIAL**


**INSCRICIÓN DE BALDE EN CEESG.GAL**



















## Curso de Busca Activa de Empleo para Educadoras/es Sociales

🕒 25h de formación certificada

💻 Modalidade Online

📅 Do 6 ao 30 de novembro

€ Non colexiadas: 90€



• Colexiadas e estudantes de Educación Social: 50€

• Colexiadas en desemprego e Amigas do CEESG: 30€



+ info e inscricións en [www.ceesg.gal](http://www.ceesg.gal)

Organiza **ceesg** Imparte **talentia**



## Mediación familiar

casos de ruptura de parella ou cese da convivencia  
 curso gratuito setembro 2023. Modalidade presencial  
 a 21 h Inscricións en [www.ceesg.gal](http://www.ceesg.gal)



ceesg unaf  
 unión de asociacións familiares



Do 5 ao 30 de xullo  
 Formación online  
 Certificación 30h  
 Matrícula: 55€  
 Data límite: 29/05/2023  
 Prazas limitadas

### FORMACIÓN PARA PROFESIONAIS DO CEESG RESPECTO AO ACOLEAMENTO FAMILIAR

INSCRÍBETE EN [ceesg.gal](http://ceesg.gal)

ORGANIZAN:

**ceesg** **ACOLUGO**

